

11 Planificación económica e infraestruturas

O ano veu marcado por un cambio de goberno na Universidade da Coruña que propiciou o comezo do exercicio co orzamento de 2011 prorrogado.

O orzamento definitivo, aprobado polo Consello Social en abril, quedou condicionado por esta circunstancia e polas liñas xerais da Programación Plurianual 2011-2013, logo de se efectuar no plano operativo anual os axustes necesarios das previsións orzamentarias.

Nun contexto de redución importante do financiamento público, tanto dos fondos obtidos do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego, como de achegas para apoio do estudante e da investigación, a UDC fixo un gran esforzo para manter as prioridades previstas na Programación plurianual, feitas para un contexto previsto moito máis favorable do realmente atopado. Ese esforzo foi posible grazas aos recursos provintes de exercicios anteriores, pro-

duto dunha administración responsable dos recursos postos a disposición da institución.

Xa no segundo exercicio afectado polo Plan de financiamento do SUG, as universidades dedicáronlle importantes esforzos a negociar coa Administración autonómica diferentes aspectos, aínda sen perfilar, da repartición dos fondos. Logrouse pechar un bo acordo para a distribución do Fondo de Mellora, o que permitiu, tras a aprobación da Consellería da Facenda do Plano de Sustentabilidade da UDC, incrementar de modo significativo a porcentaxe deste fondo asignada á UDC.

Non concluíron as conversas para a elaboración dos novos contratos programa coas universidades do SUG e da repartición da subvención por resultados a partir da vixencia destes (que é de vital importancia polo incremento da súa contía), polo que queda pendente para 2013 este punto, que permitirá pechar os últimos aspectos do plan de financiamento.

Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-2013

As Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013 (dispoñibles en http://www.udc.es/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/documentos/orzamentos.html) aprobadas polo Claustro da UDC estrutúranse nos seguintes apartados:

- Contexto orzamentario.
- Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas.
- Plan xeral de investimentos.

- Previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

Tal e como se recollía neste documento, íase a un escenario de redución sostida do orzamento da UDC durante este trienio, mesmo no caso de que se producise unha recuperación do financiamento público e malia a achega de importantes fondos propios e recursos extraordinarios. Xa que logo, o obxectivo de manter o cadro de persoal implicaría importantes recortes no gasto corrente, en particular en investimentos.

Orzamento e POA do exercicio 2012

Por resolución reitoral do 26 de decembro de 2011, e ante da non tramitación de novos orzamentos pola reitoría en funcións, prorrógase o orzamento de 2011 para o ano 2012. Con data 26 de abril de 2012 aprobáronse os orzamentos tramitados polo novo equipo reitoral, que parte dos condicionantes propios do orzamento prorrogado.

O Plan operativo anual e o orzamento do exercicio 2012 desenvolven as Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013 (pódense consultar na mesma páxina web da Vicerreitoría).

Segundo se recolle no propio POA 2012, o Plano Operativo Anual 2012, a partir dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta e a situación económica da UDC, desenvolve o anterior

documento e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres apartados. O primeiro concreta as previsións orzamentarias contidas para o exercicio nas Liñas xerais da programación plurianual 2011-2013. O segundo recolle algunhas conclusións xerais da revisión dos Indicadores do Plan estratéxico do ano 2010. O último informa sobre a dotación económica de actuacións relevantes nas áreas de Docencia, de I+D+i e de Relacións coa Sociedade.


En canto ao Orzamento 2012, cae ata os 123,3 millóns, notablemente por debaixo dos niveis en que se atopaba a UDC en 2008. O descenso en termos porcentuais respecto ao ano anterior é do 4,9%, o que supón uns 6,4 millóns menos.

INGRESOS	2011	%	2012	%	11/12
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.229.554,51	11,7%	14.740.900,00	12,0%	-3,2%
Capítulo IV: Transferencias correntes	84.957.781,60	65,5%	83.710.558,32	67,9%	-1,5%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	990.000,00	0,8%	693.000,00	0,6%	-30,0%
Capítulo VII: Transferencias de capital	16.966.275,17	13,1%	17.115.880,48	13,9%	0,9%
Capítulo VIII: Activos financeiros	6.800.000,00	5,2%	7.000.000,00	5,7%	2,9%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	4.678.403,11	3,6%	0,00	0,0%	-100,0%
Total orzamento de ingresos	129.622.014,39	100,0%	123.260.338,80	100,0%	-4,9%

GASTOS	2011	%	2012	%	11/12
Capítulo I: Gastos de persoal	88.608.538,83	68,4%	87.676.709,59	71,1%	-1,1%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	17.905.649,07	13,8%	16.702.656,76	13,5%	-6,7%
Capítulo III: Gastos financeiros	32.500,00	0,0%	99.300,00	0,1%	205,5%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.787.490,06	2,9%	3.454.242,80	2,8%	-8,8%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00	0,2%	250.000,00	0,2%	0,0%
Capítulo VI: Investimentos reais	18.396.500,22	14,2%	12.986.569,87	10,6%	-29,2%
Capítulo VII: Transferencias de capital	1.270,00	0,0%	1.270,00	0,0%	0,0%
Capítulo VIII: Activos financeiros	80.500,00	0,1%	90.600,00	0,1%	12,5%
Capítulo IX: Pasivos Financeiros	559.521,21	0,4%	1.998.989,79	1,6%	257,3%
Total orzamento de gastos	129.621.969,39	100,0%	123.260.338,80	100,0%	-4,9%

Cadro 203 Evolución do orzamento por capítulos

Na seguinte gráfica visualízase con claridade o cambio de tendencia no orzamento global con importantes caídas en 2011 e 2012:



Cadro 204 Evolución xeral do orzamento da UDC


Respecto dos ingresos, no documento destaca que as transferencias correntes da Consellería de Educación se reducen en 0,9 millóns de euros adicionais, pola aplicación dos novos criterios do Plan de Financiamento do SUG. A caída acumulada desde 2009 é de 11 millóns.

A caída no financiamento corrente da Xunta compénsase en parte coa expectativa de crecemento das transferencias asociadas ao Plan de Financiamento por aplicación dos novos criterios considerados para

o reparto do fondo de mellora, asociado á sostenibilidade das universidades.

O esforzos de axuste en exercicios anteriores posibilitan unha achega de 7 millóns de euros de fondos propios ao orzamento.


A composición porcentual dos ingresos permite constatar a devandita substitución de fondos propios por fondos extraordinarios.



Cadro 205 Composición dos ingresos

Canto aos gastos, os severos axustes en gasto corrente e bens e servizos no capítulo de investimentos (un 6,7% e un 29,3%, respectivamente, menos que o orzado que o ano anterior) permiten manter o gasto salarial efectivo de 2011, cun aumento residual para

dar cabida a conceptos ligados á antigüidade, un tratamento preferente das bolsas e axudas a estudantes e para completar as provisións para a devolución de anticipos reembolsables.



Cadro 206 Composición dos gastos

A memoria do orzamento 2011 conclúe coa súa valoración:

En definitiva, o orzamento da UDC para 2011 sitúase nos niveis do ano 2008, e estaría preto dos niveis de 2007 se non se tivesen aplicado recursos propios e recursos extraordinarios (reembolsables) por valor de 11,5 millóns. A planificación económica e o rigor orzamentario veñen permitindo aliviar os efectos dun contexto financeiro extremadamente desfavorable; pero non debe esquecerse que os axustes esixidos fixeron adiar importantes obxectivos de converxencia en recursos humanos e infraestruturas establecidos no noso Plano Estratéxico. A acumulación de circunstancias desfavorables non debe levar a asumir como normais as solucións de natureza excepcional. Unha universidade pública de calidade require duns equipamentos e un financiamento suficientes, e a UDC ten demostrada a súa capacidade para utilizar os seus recursos coa máxima eficiencia.

Os obxectivos de suficiencia, eficiencia e equilibrio no financiamento do SUG seguen a ser irrenunciabes.

O orzamento de 2012 segue as Liñas xerais da Programación Plurianual 2011-2013 aprobada polo Claustro en 2010 adaptádoas a un contexto extremadamente máis desfavorable do previsto, que se caracteriza por un menor financiamento público e obriga a axustes máis severos dos estimados no momento de redactar a programación.

Na valoración incluída na memoria do orzamento 2012 sinálase que:

A redución [do orzamento], porén, non reflicte fielmente a sostida baixada de financiamento público para a institución. Palíase unha importante parte da caída recorrendo a fondos propios e a recursos extraordinarios de financiamento. Estes, pola súa natureza, teñen carácter transitorio e non evitan a severidade do axuste global.

Consciente da delicada situación, a UDC está a facer fronte con axustes complexos, tratando de minorar a repercusión nos obxectivos de calidade do ensino e da investigación. Así, para o ano en curso, conxélase o gasto de persoal e os esforzos levados a cabo nos últimos anos en gasto corrente acumulan unha baixa dun 20% e dun 50% en investimentos desde 2009.

En definitiva, os datos constatan o enorme esforzo interno que se está a facer na UDC, non correspondido con recoñecemento nos criterios de repartición do Plan de Financiamento do SUG, que non valoran adecuadamente a xestión económica nin o labor docente levados a cabo pola institución.

Liquidación do orzamento do exercicio 2011

A liquidación do orzamento do exercicio 2011 (http://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/liquidacionexe2011.pdf) foi aproba-

da polo Consello de Goberno, auditada e aprobada polo Consello Social.

A execución orzamentaria por capítulos foi a seguinte:

Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	15.229.554,51	15.808.768,46
IV: Transferencias correntes	84.957.781,60	91.843.773,23
V: Ingresos patrimoniais	990.000,00	629.133,74
VII: Transferencias de capital	16.966.275,17	22.388.309,88
VIII: Activos financeiros	6.800.000,00	149.745,69
IX: Pasivos financeiros	4.678.403,11	4.678.403,11
Total ingresos	129.622.014,39	135.498.134,11
I: Gastos de persoal	88.608.538,83	86.765.184,10
II: Bens correntes e servizos	17.905.649,07	17.471.083,08
III: Gastos financeiros	32.500,00	72.827,50
IV: Transferencias correntes	3.787.490,06	5.590.169,98
V: Fondo de continxencia	250.000,00	0,00
VI: Investimentos reais	18.396.500,22	24.495.070,73
VII: Transferencias de capital	1.270,00	1.202,02
VIII: Activos financeiros	80.500,00	79.750,00
IX: Pasivos financeiros	559.521,21	533.635,18
Total gastos	129.622.014,39	135.008.922,59

Cadro 207 Orzamento e liquidación do exercicio de 2011


O cambio de tendencia do resultado orzamentario iniciado en 2010 continúa neste exercicio, aínda que con resultado negativo menor, o que significa que a parte

dos gastos do exercicio que se están a financiar coas economías xeradas en exercicios anteriores é porcentualmente menor.



Cadro 208 Saldo orzamentario/orzamento e remanente non afectado/orzamento


A evolución positiva do remanente non afectado permite dispoñer en exercicios posteriores dun remanente libre significativo.



Cadro 209 Aplicación do remanente líquido

Finalmente, no exercicio de 2011 mantívose a boa xestión de pagamentos, ensombrecida por un aumento porcentual dos pagos pendentes no peche do exerci-

cio debido a un problema puntual de tesourería. Esta incidencia foi motivada polos significativos retrasos dos ingresos pendentes das diferentes administracións.



Cadro 210 Pagamentos pendentes a 31 de decembro de 2012

Infraestruturas

Os aspectos urbanísticos revestiron especial relevancia ao longo do ano, dado o contexto propiciado pola redacción do Plan Xeral do Concello da Coruña, e o que isto implica na modificación das condicións urbanísticas do territorio universitario. Fixéronse xestións cos servizos municipais de plan e xestión urbana, de xeito que as determinacións contidas no propio Plan Xeral de Ordenación Urbana, que se aprobará nos próximos meses, serán suficiente para definir os parámetros de ordenación dos distintos campus universitarios, permitindo continuar e completar as accións emprendidas para satisfacer as necesidades do espazo construído da comunidade universitaria.

Doutra banda, está a se redactar un plan especial de infraestruturas para o campus de Elviña-A Zapateira,

que permita acometer tanto as condicións de mellora viaria como do espazo exterior do campus, acordes, en todo caso, coas determinacións de planificación xeral municipal. Entre outras cousas, este plan inclúe un catálogo dos elementos de mobiliario urbano e dos elementos vexetais e de pavimentación presentes no espazo público.

Os obxectivos que se marcan no plan especial de infraestruturas concordan con actuacións puntuais que se van acometendo no espazo público universitario. En 2011 interveuse no contorno do CUR, no campus de Riazor. En 2012 completouse a intervención no acceso á Facultade de Dereito coa configuración dun ámbito exterior pavimentado flanqueado por zonas verdes.

Noutra orde de intervencións, e xa dentro das actuacións edificatorias, continuouse coa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Foi preciso executar obras naqueles centros cuxos plans de estudo foron modificados recentemente, e que afectan fundamentalmente aos centros de carácter técnico. Realizáronse proxectos de adecuación na ETS de Arquitectura e na ETS de Náutica e Máquinas, coa finalidade de adecuar unha parte dos seus espazos docentes ás condicións requiridas polos plans de estudo de grao. De igual modo, na Facultade de Informática acometéronse obras de reforma nunha das zonas de laboratorios para dotala das adecuadas condicións acústicas, dunha mellor funcionalidade na súa disposición e de mellores condicións de evacuación.

Executáronse as actuacións de accesibilidade proxectadas no exercicio anterior para o SAPE e para a EU de Arquitectura Técnica. Neste centro, cunha estrutura organizativa espacial moi interesante, pero tamén ineficaz desde a perspectiva da accesibilidade actual, foi preciso acometer obras que permitisen eliminar os problemas de barreiras arquitectónicas. Dotouse o centro dun ascensor adaptado e, no mes de decembro, iniciáronse as obras de accesibilidade da biblioteca e das aulas especiais.

Dentro das obras de mellora débese incluír a posta en valor da segunda planta do edificio Normal, cunha intervención cirúrxica de limpeza, que permite recuperar a estrutura espacial orixinal da planta e o patio interior como fonte de iluminación e ventilación para os espazos de espera e circulación.

A conservación e o mantemento do patrimonio construído constitúe un capítulo importante dentro dos obxectivos do Servizo de Arquitectura. Neste ano considerouse a necesidade de comezar o estudo da rehabilitación das fachadas dos edificios da ETS de Arquitectura e da EU de Arquitectura Técnica, para o que se redactaron os proxectos pertinentes e saíu a contratación correspondente á Escola de Arquitectura.

Con respecto á área enerxética e de instalacións, 2012 foi un ano de reflexión e organización, en que se estiveron a estudar e valorar as medidas para levar a cabo nun futuro próximo. Despois de anos con investimentos en enerxías renovables e eficiencia enerxética, agora cómpre buscar puntos de mellora e aforro enerxético co mínimo investimento posible.

Estando seguindo os consumos enerxéticos para mellorar a contratación de enerxía (electricidade, gas, gasóleo) e tamén de auga, de xeito que se pretende optimizar e reducir, na medida do posible, os consumos dos centros con medidas organizativas que non afecten ao confort.

Así mesmo, traballouse en aspectos organizativos das novas instalacións para mellorar en horarios de funcionamento, procura de curvas de traballo e regulamento máis axeitadas etc...

O ano deixou unha oportunidade de futuro próximo para a UDC, dado que acaba de se completar a canalización de gas natural no campus de Elviña, o que permitirá facer substitucións progresivas do combustible, por ser o gas natural máis económico (permite aforros dun 30%) e máis axeitado desde o punto de vista medioambiental, con menores emisións de CO², sen emisións de óxidos de xofre e con baixas emisións de óxidos de nitróxeno.

O Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos foi coorganizador en febreiro do II Congreso Interuniversitario de Mantemento Sostible e Eficiencia Enerxética, que tivo lugar na Facultade de Física da Universidade de Santiago e no que se presentaron parte dos traballos máis salientables realizados polo SAU nos últimos anos:

- Instalación de calefacción de barrio ou *district heating* na Área Universitaria da Zapateira.
- Instalación de hidrotermia para a aula náutica no dique de Abrigo Barrié la Maza.

– Instalacións de iluminación con LED en varios centros da UDC.

Xa por último, cómpre indicar que, xunto con estas obras, se acometeron pequenas reformas para mello-

rar as condicións de uso dos espazos universitarios, ao tempo que se equiparon centros multidisciplinares que iniciaron as súas actividades durante o ano, como é o caso do Centro Cívico de Ferrol ou a Aula Náutica da Coruña.

Medio Ambiente

O traballo da Oficina de Medio Ambiente continuou coas tarefas de educación e sensibilización ambiental, incluíndo actividades do Proxecto Ríos, limpeza de ríos e erradicación de flora invasora no campus, participación nunha campaña de limpeza de praias, con motivo do Día Internacional dos Océanos. Realizouse por segundo ano o ciclo de actividades da Primavera Ambiental, rematouse o I Ciclo de conferencias Responsabilidade Social e Medio Ambiente, e tamén se organizou unha nova edición da Feira da Sustentabilidade.

De forma conxunta, as exposicións sobre pegada ecolóxica e sobre o estudo de medios de mobilidade puideron verse en diversos centros. Continuou a xestión do préstamo de bicicletas (120 unidades), que na súa convocatoria de setembro superou as 350 solicitudes.

Prestouse atención a un dos puntos débiles da UDC (carencia de avances na contratación e compra verde), elaborando unha guía para a compra verde de papel.

Consolidouse a compostaxe in situ dos residuos orgánicos dos comedores da Facultade de Filoloxía e da ETS de Arquitectura e realizáronse actividades de divulgación do uso do compost en pequenos hortos. Leváronse a cabo as obras de adaptación do espazo destinado ás hortas urbanas, que se prevé que entren en funcionamento na primavera de 2013. Así mesmo, comezou a elaboración dun plan de xestión de residuos para os campus.

No marco do proxecto SOSTAUGA, e coa participación do profesor Juan Cagiao, traballouse na modelaxe da conca hidrográfica da UDC utilizando o storm water management model (SWMM). No espazo forestal recuperado do monte da Fraga, coa coordinación da profesora Elvira Sahuquillo, continuouse o seguimento desta plantación e a súa evolución.

A través do persoal bolseiro, a Oficina de Medio Ambiente promoveu diferentes actuacións de voluntariado e comunicación ambiental. Ademais do uso da páxina web da UDC, mellorouse o uso das redes sociais.